


IES CASZELAO -VIGO

## GUÍA DA BIBLIOTECA

2022-2023



### Onde está a biblioteca?

Na planta baixa, ao lado das oficinas de Secretaría, entrando no vestíbulo á esquerda.



### Horario de apertura (x)

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:00					
9:50		X	X	X	X
10:40	X	X	X	X	X
11:00	X			X	X
11:50			X	X	
12:40	X	X	X	X	X
13:05				X	X
13:55					
17:45		X	X	X	X
18:30		X	X	X	X
19:15	X	X	X		
20:00	X	X	X	X	
20:15					
21.00					

### Quen pode usar a biblioteca?

- Todos os alumnos do centro co seu carné de biblioteca (número asignado).
- Os restantes membros da comunidade escolar (profesores, persoal non docente, pais) co carné ou ben co DNI.



### Que servizos ofrece a biblioteca?

- Lectura en sala (todos os fondos).
- Préstamos domiciliarios.
- Material e orientación para a realización de traballos escolares.
  - Consulta do catálogo en rede na páxina web do instituto.
    - Utilización de ordenadores e servizo de Internet.
- Formación de usuarios.
- Club de Lectura.

### Préstase todo?

Non se prestan os dicionarios nin as enciclopedias. Tampouco os libros de texto (salvo fins de semana a alumnado con materias pendentas) nin outros libros de consulta que son para uso exclusivo na biblioteca (historias da literatura, da ciencia ou da arte, atlas, libros de problemas...).

## Como solicitar os libros en préstamo?

Os libros solicitaranse preferentemente nos RECREOS en persoa ou tamén a través da páxina web do centro, na sección Biblioteca, apartado **Servizo de préstamo**:



## Cantos libros podo solicitar en préstamo?

Pódense levar ata TRES libros sempre que sexan de materias diferentes.



## Por canto tempo se prestan os libros?

O préstamo de libros faise por DÚAS SEMANAS; excepcionalmente renovarase unha semana máis. Cómpre facer a renovación presencialmente.

Para a novela gráfica, mangas e os DVD establécese un prazo de préstamo improrrogable de só UNHA semana.



## Como están ordenados os libros?

Están ordenados por materias segundo a Clasificación Decimal Universal (CDU): a cada materia correspóndelle un número (e atribuímoslle unha cor, nos rótulos) e dentro de cada materia ordénanse alfabeticamente polo **APELIDO do autor**.



## Como podo utilizar os ordenadores da biblioteca?

Pódense empregar a discreción nos recreos e no horario de tarde, para facer traballos escolares, consultar información...



## Formación de usuarios

Sempre que o precises, podes solicitar á persoa responsable da biblioteca que che ensine o funcionamento xeral dos servizos e a manexar os seus recursos.

Biblioteca Ramiro Fonte